



Se a choiva da trégua este sábado 15 de agosto, VM.info emitirá en "streaming" en exclusiva a baixada VIII edición da Baixada de Carros de Bolas de Camos nesta mesma páxina.

A cita terá lugar a partir das 9 da mañá até as 14h no camiño da Levada na parroquia de Camos (Nigrán).

Horarios

Ás 9 da mañá dará comezo as verficiacións por parte da [Federación Galega de Deportes de Inercia](#). A continuación 10 triciclos de competición farán unha exhibición. Logo darán comezo os entrenamentos dos participantes e finalmente a carreira.

A continuación realizaránse **dúas baixadas cronometradas**, puntuando sempre o mellor tempo realizado.

O recorrido, de 700 metros, promete deixar imaxes espectaculares xa que arranca cun gran xiro de 360 graos e finaliza cun descenso na meta de máis do 70% de desnivel, polo que os vehículos adquirirán gran velocidade.

Participarán **carros na modalidade individual e colectiva** e, ademáis, entre manga e manga haberá unha **exhibición de triciclos de competición**

. A proba está previsto que finalice sobre as 14.00 horas e

Segue en #Directo #streaming a VIII Baixada de Carros de Bolas de Camos

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 15 Agosto 2015 00:00

habará premios para os tres primeiros clasificados en individual e colectivo, para o máis feo e para o máis orixinal.

O tramo parte dende o Camiño dos Piñeiros até a Rúa da Levada na parroquia de Camos (Nigrán)

O evento recupérase a iniciativa do Centro Cultural a Camoesa e a asociación Eixo Tolo, coa colaboración do Concello de Nigrán e o patrocinio de Breogán Autolux.

O streaming correrá a cargo da empresa miñorán [K12 Comunicación](#) colaboradora de VM.info, e adiantan que habrá algunha sorpresa nesta emisión do próximo sábado, todo se o tempo acompaña.

A emisión en directo rematou pero podes ver o vídeo baixo demanda aquí